

# **REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE AMES**

## **Capítulo I. Disposicións xerais / Obxecto e natureza.**

### **Artigo 1. Finalidade do Rexistro**

- O presente Regulamento ten por finalidade regular o Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Ames, co obxecto de permitir coñecer o número de entidades asociativas existentes no municipio, os seus fins e a súa representatividade, ós efectos de posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo e da participación nos asuntos municipais.

### **Artigo 2. Requisitos previos á Inscripción**

- A inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Ames realizarase sen prexuízo da que obrigatoriamente corresponda efectuar, nos termos previstos na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e no Decreto 276/1997, de 25 de setembro, no Rexistro Xeral de Asociacións e no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma Galega.

### **Artigo 3. Entidades inscribibles**

- Poderán obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, todas aquelas Asociacións de interese social sen ánimo de lucro, cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais (de ámbito municipal) que teñan a súa sede en Ames e exerzan a súa actividade no ámbito xeográfico do Concello, nos termos previstos na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- As Federacións de asociacións inscribiranse no Rexistro Municipal na mesma extensión e termos que as restantes asociacións.

## **Capítulo II. Da inscrición e formalidades do Rexistro.**

### **Artigo 4. Custodia do Rexistro**

- O Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Ames custodiarase na Secretaría Xeral do Concello.
- O Rexistro Municipal de Asociacións é público e a publicidade farase efectiva mediante certificación do contido dos asentos, por nota simple informativa ou por copia dos asentos.

## **Artigo 5. Solicitude de inscrición.**

- As inscricións realizaranse polas asociacións interesadas, a través do/s seu/s representante/es que terán que aportar os seguintes datos:
  - a) Finalidade da Asociación.
  - b) Data de constitución.
  - c) Estatutos da Asociación (orixinal e copia para o seu cotexo).
  - d) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos (orixinal e copia para o seu cotexo), de ser o caso.
  - e) Orzamentos do ano en curso e programa de actividades para o mesmo.
  - f) Certificación orixinal do número de socios.
  - g) Código de identificación fiscal.

## **Artigo 6. Inscrición.**

- No prazo de tres meses desde a solicitude de inscrición, e salvo que esta tivera que interromperse pola necesidade de aportar documentación non incluída inicialmente, o Sr Alcalde-Presidente do Concello de Ames ditará resolución para a inscrición da entidade asociativa no Rexistro Municipal de Asociacións, coa asignación do número de inscrición que lle corresponda. Dita resolución será notificada á entidade interesada.
- A inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Ames poderá denegarse nos supostos establecidos na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, regulador do dereito de asociación.

## **Capítulo III. Efectos da Inscrición.**

### **Artigo 7. Obrigas.**

- Nos sucesivos anos ó da súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, as entidades inscritas deberán comunicar ós órganos municipais competentes a variación ou modificación dos datos sinalados no artigo anterior no prazo máximo de dous meses a contar dende a variación ou modificación.

Aquelas asociacións que non concorran ás convocatorias de subvencións, ou non teñan asinado ningún convenio co Concello, presentarán un orzamento e un plan de actividades anual. Quen non o fagan en dúas anualidades consecutivas causarán baixa no rexistro.

### **Artigo 8. Dereitos.**

- As asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións terán, nos termos establecidos na lexislación específica e no presente regulamento, os seguintes dereitos:
  - A recibir axudas económicas sempre que o permitan os recursos orzamentarios do Concello.
  - A empregar os medios públicos municipais, especialmente os locais e medios de comunicación, sendo responsables do trato dado ás instalacións. O uso dos medios públicos municipais deberá ser solicitado por escrito ó Concello, como mínimo con dúas semanas de antelación e obter a autorización expresa do Concello.
  - Dereito a ser informadas dos asuntos e iniciativas municipais que poidan ser do seu interese.

- Ase mesmo, o Concello de Ames poderá subscribir Convenios de Colaboración coas Asociacións debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para o cumprimento de intereses xerais ou sectoriais.

### **Disposición final**

Este regulamento, tras a súa aprobación definitiva entrará en vigor, unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo

65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da bases de réxime local.